

Resolución do 22 de xuño de 2023, do Tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar, por concurso-oposición e promoción interna, en dúas prazas do Corpo de Xestión do Parlamento de Galicia, polo que se fan públicas as cualificacións obtidas polas aspirantes no segundo exercicio.

Por Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de outubro de 2022 (BOPG núm. 401, do 26 de outubro de 2022), foron convocadas as probas selectivas para ingresar en dúas prazas do Corpo de Xestión do Parlamento de Galicia.

Por Acordo do Tribunal de 6 de xuño de 2023, determinouse a celebración do segundo exercicio o 20 de xuño de 2023.

Logo de celebrada a sesión de realización do segundo exercicio, o Tribunal reuniuse para a cualificación dos exercicios dos aspirantes, resultando que ningún dos aspirantes acadou a puntuación mínima exixida, polo tanto non superaron a fase de oposición, polo que o Tribunal acordou propoñer á Mesa do Parlamento de Galicia que declare deserto o procedemento selectivo.

Conforme ao establecido na base 6.1.3 da convocatoria, os interesados dispoñen de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte desta Resolución na web do Parlamento de Galicia, para presentar as alegacións que consideren oportunas.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2023.

Carolina Costoya Pardo
Presidenta do Tribunal